

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

IES O COUTO

Setembro 2017



Data de aprobación: 28/09/2017

Data última versión: 28/09/2017

Actualizado: setembro 2019

ÍNDICE

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO	1
ÍNDICE	2
INTRODUCCIÓN	3
ANÁLISE DO CONTEXTO	5
DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR	8
OBXECTIVOS	13
MEDIDAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO	14
RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	18
ACTIVIDADES	19
AVALIACIÓN	21

INTRODUCCIÓN

As profesoras e profesores do IES O Couto encargados de elaborar este Proxecto Lingüístico de Centro opinamos, de entrada, que a dimensión educativa da aprendizaxe de linguas está necesitada dun *pacto curricular* formulado dende un consenso progresivo entre os axentes de formación que, polo menos, debería levarnos á elaboración dun proxecto lingüístico *útil, claro, efectivo, consensuado e de fácil aplicación* no noso instituto.

Somos conscientes de que a idea non é novidosa, xa que o obxectivo de acadar este consenso progresivo entre as distintas áreas lingüísticas forma parte da historia educativa de moitos países desenvolvidos que comprenderon, dende hai tempo, a importancia da planificación lingüística nos centros de ensino e que, con maior ou menor fortuna, xestionan esta actividade dende unha visión socio pragmática de todas as linguas (tanto as linguas ambientais coma as non ambientais).

Por outra banda, en Galicia (igual que acontece noutras comunidades autónomas españolas) conviven dúas linguas ambientais (galego e castelán), ofértanse dúas linguas estranxeiras como primeiro idioma (inglés e francés), e como segunda lingua optativa o alumnado deste centro pode elixir entre francés ou portugués. En total, no noso instituto impártense tres linguas.

Parece, pois, que o noso centro está no camiño de cumprir co ideal de fomentar o plurilingüismo que promove a LOMCE, pero tamén non é menos certo que cada vez se

fai máis necesario chegar a ese *pacto curricular*, de carácter metodolóxico, do que falamos, xa que o *modus operandi* entre o profesorado de linguas varía duns departamentos a outros e, ás veces, entre membros dun mesmo departamento. Non é bo andar sós polos camiños da educación lingüística aínda que pensemos que o estamos facendo ben, porque a educación é un servizo público e o alumnado de linguas demanda o desenvolvemento de *comunidades de aprendizaxe*. Este pacto curricular permitiranos sumar obxectivos lingüísticos, unificar criterios metodolóxicos, reformular programacións e evitar repeticións.

Pero un Proxecto Lingüístico de Centro non se reduce ao anterior, senón que debe incorporar, como parte fundamental, un plan de normalización lingüística cando se constata que, entre as linguas ambientais, hai unha que está minorizada a pesar de que tanto a Constitución como a LOMCE e os decretos autonómicos de normalización lingüística defenden a paridade entre as linguas cooficiais.

Este é o caso do noso centro e, en consecuencia, os profesores e profesoras encargados de elaborar este documento propoñemos a toda a comunidade educativa un Proxecto Lingüístico de Centro que segue os obxectivos da *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística*, os recollidos no *Plan Xeral de normalización da lingua galega de 2004*, e o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* que derroga o anterior *Decreto 124/2007, do 28 de xuño*, polo que se regulaba o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

ANÁLISE DO CONTEXTO

ENQUISA SOCIOLINGÜÍSTICA

Esta enquisa foi realizada no noso centro durante o curso 2014-2015 de acordo co seguinte universo:

- Dun total de 62 docentes a enquisa pasóuselless a 48 (77, 41%).
- De aproximadamente 400 estudantes fixeron a enquisa 188 (47%).
- A preguntas dirixidas ao **profesorado** foron as seguintes:
 1. Lingua habitual.
 2. Impartición das materias obrigatorias en galego.
 3. Competencia en galego na actividade docente dos/as que imparten estas materias.
 4. Competencia en galego na actividade docente das/os que non imparten as materias obrigatorias.
 5. Disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización.
 6. Valoración xeral do uso do galego en diferentes apartados.

- O **alumnado** respondeu as seguintes preguntas:
 1. Lingua na que a alumna/o aprendeu a falar.
 2. Lingua habitualmente falada na casa.
 3. Lingua que usa habitualmente.
 4. Lingua usada habitualmente na escola.
 5. Valoración xeral do uso do galego en diferentes apartados.

RESUMO DA ENQUISA

- O profesorado do Instituto decántase maioritariamente polo uso habitual das dúas linguas por igual tanto no centro coma fóra do centro.
- Nos docentes que din empregar unha soa lingua tanto no centro coma no exterior advírtese un predominio do castelán sobre o galego, sen que este predominio sexa excesivamente rechamante.
- Nas materias que teñen a obrigatoriedade de ser impartidas en galego o profesorado implicado recoñece que o cumpre nun 40% e o incumpre nun 56%. Este dato é aínda máis sorprendente se temos en conta que este profesorado recoñece ter unha alta competencia en galego. En xeral, o 33% do equipo docente recoñece que a súa competencia é media ou baixa.
- Do profesorado que non ten obriga de impartir materias en galego, o 63% afirma que a súa competencia no uso do galego é media ou alta e o 6% manifesta que esta é baixa ou moi baixa.

- A disposición do profesorado para facer cursos de reciclaxe e adaptación en lingua galega é plena e moi boa no 59% e pouca ou ningunha no 22%

Da valoración xeral que fai o profesorado sobre o uso do galego tíranse estas conclusións:

- Debería usarse máis o galego.
 - O uso das dúas linguas enriquece.
 - O ensino do galego aumenta o seu prestixio social.
 - As matemáticas pódense aprender en galego e o galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.
 - O galego debe ser fomentado socialmente.
- O alumnado do centro aprendeu a falar: nas dúas linguas (40%), en castelán (32%), en galego (25%), noutras linguas (3%).
 - Na lingua que falan en familia hai un claro predominio do castelán (35%) sobre o galego (9%). Un cuarto dos entrevistados/as din que nas súas casas empréganse por igual as dúas linguas.
 - En cuanto á lingua empregada por eles/as tamén predomina absolutamente o castelán. E no seu ambiente escolar ocorre o mesmo.

Da valoración xeral que o alumnado fai sobre o uso do galego tíranse estas conclusións:

1. A adquisición das dúas linguas enriquece.

2. As matemáticas pódense aprender en galego. Non obstante, como linguaxe dos videoxogos, o galego nos lles parece axeitado.
3. A recepción de máis clases en galego resúltalles indiferente.
4. Dada a súa utilidade, debería usarse máis o galego en Galicia.
5. O 60% opina que non é certo que a xente que fala castelán é máis intelixente, pero case o 40% opina que si.

DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

1º ESO

MATERIAS	Horas	Materias
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán
EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUD.	2	Castelán
LÍNGUA CASTELÁ E LITERATURA	4	Castelán
LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS		
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4	Galego
MATEMÁTICAS	5	Castelán
OBRADOIRO MUSICAL INGLÉS		
OBRADOIRO MUSICAL	1	Galego
VALORES ÉTICOS/RELIXIÓN	1	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS		

2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS		
TOTAL DE HORAS Galego		13
TOTAL DE HORAS Castelán		13

2º ESO

MATERIAS	Horas	Materias
ORATORIA	1	Galego
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego
FÍSICA E QUÍMICA	3	Castelán
LÍNGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán
INGLES		
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego
MATEMÁTICAS	5	Castelán
MÚSICA	2	Galego
TECNOLOXÍA	3	Castelán
VALORES ÉTICOS/RELIXIÓN	1	Galego
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	Galego
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS		
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS		
TOTAL DE HORAS		
TOTAL DE HORAS Galego		12
TOTAL DE HORAS Castelán		14

3º ESO

MATERIAS COMÚNS	Horas	Materias
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUD.	2	Castelán
MÚSICA	2	Galego
RELIXIÓN/VALORE ÉTICOS	1	Galego
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA GALEGO	2	Galego
FÍSICA E QUÍMICA CASTE	2	Castelán
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA CAST	3	Castelán
LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS		
LINGUA GALEGA E LITERATURA GAL	3	Galego
MATEMÁTICAS ACADÉMICAS CAST	4	Castelán
MATEMÁTICAS APLICADAS CAST		
XEOGRAFÍA E HISTORIA GAL	3	Galego
TECNOLOXÍA EN CASTELÁN	2	Castelán
TECNOLOXÍA EN FRANCÉS		
MATERIAS OPTATIVAS		

2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS		
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS		
CULTURA CLÁSICA	2	Galego
TOTAL DE HORAS		
TOTAL DE HORAS Galego	15	
TOTAL DE HORAS Castelán	13	

3º ESO PMAR

MATERIAS	Horas	Materias
ÁMB. CIENTÍFICO-MATEMÁTICO	6	Castelán
ÁMB. DE LINGUAS ESTRANX.		
ÁMB. LINGÜÍSTICO SOCIAL	6	Galego
ÁMB. LINGÜÍSTICO SOCIAL	3	Castelán
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUD.	2	Castelán
MÚSICA	2	Galego
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	Galego
TECNOLOXÍA EN CASTELÁN	2	Castelán
TECNOLOXÍA EN FRANCÉS		
2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS		
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS		
CULTURA CLÁSICA	2	Galego
TOTAL DE HORAS		Castelán
TOTAL DE HORAS Galego	13	
TOTAL DE HORAS Castelán	13	

4º ESO

MATERIAS COMÚNS	Horas	Materias
EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA CAST	3	Castelán
LINGUA EXTRANXEIRA INGLÉS		
LINGUA GALEGA E LITERATURA GAL	3	Galego
MATEMÁTICAS ACADÉMICAS CAST	4	Castelán
MATEMÁTICAS APLICADAS CAST		
XEOGRAFÍA E HISTORIA GAL	3	Galego
RELIXIÓN CATÓLICA/VALORES ÉTICOS	1	Galego
TOTAL DE HORAS COMUNES		Castelán
MATERIAS DE OPCIÓN		
LATÍN	3	Castelán
ECONOMÍA	3	Galego
CAAP	3	Galego
IAEE	3	Castelán
TOTAL DE HORAS MATERIAS DE OPCIÓN		

CULTURA CLÁSICA	2	Galego
EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIO	3	Castelán
FÍSICA E QUÍMICA	3	Castelán
BIOLOXÍA	3	Galego
TOTAL DE HORAS SEGUNDO IDIOMA		
TICS	3	Galego
TECNOLOXÍA	3	Castelán
ARTES ESCÉNICAS	3	Castelán
ECONOMÍA	3	Galego

1º BACHARELATO

MATERIAS COMÚNS	A	HORAS CASTELÁN	HORAS GALEGO	B
EDUCACIÓN FÍSICA	Galego	2		G
FILOSOFÍA	Castelán		3	C
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Castelán	3		C
LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS				I
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Galego		3	G
TOTAL DE HORAS MATERIAS COMÚNS		8	3	
MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE		CAST	GAL	
1º BACA BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Galego		4	G
1º BACA DEBUXO TÉCNICO I	Castelán	4		
1º BACA FÍSICA E QUÍMICA	Galego		4	G
1º BACA MATEMÁTICAS I	Castelán	4		C
1º BAC B ECONOMÍA	Galego			G
1º BAC B HISTORIA DO MUNDO CONTEMP.	Galego			
1º BAC B GREGO I	Galego			G
1º BAC B LATÍN I	Castelán			G
1º BAC B MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I	Galego			
1º BACH B LITERATURA UNIVERSAL	Castelán			
TOTAL DE HORAS MATERIAS PROPIAS MODALIDADE	Galego	4	8	
MATERIAS OPTATIVAS		CAST	GAL	
ANATOMÍA	Castelán		3	G
CUCI	Galego			
DEBUX ART	Galego			
LING PRAC MUS	Castelán			
CULTURA CIENTÍFICA	Galego	2		C
FRANCES				
TICS	Galego			
RELIXIÓN CATÓLICA	Galego	1		C
ROBÓTICA	Galego			
REFORZO INGLÉS				
2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS				P
ANTROPOLOXÍA	Castelán			G

2º BACHARELATO

MATERIAS COMÚNS	A	HORAS CASTELÁN	HORAS GALEGO	B
HISTORIA DE ESPAÑA GAL	Galego		3	G
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II CAST	Castelán	3		C
LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS				I

LINGUA GALEGA E LITERATURA II GAL	Galego		3	G
TOTAL DE HORAS MATERIAS COMÚNS		3	6	
MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE		CAST	GAL	
MATEMÁTICAS II CAST	Castelán	4		C
FÍSICA	Galego		4	G
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Galego			
DEBUXO TÉCNICO	Castelán	4		C
QUÍMICA CAST	Galego			
GREGO II	Castelán			C
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS II	Castelán			
LATÍN II	Castelán			C
ECONOMÍA DE EMPRESA	Galego			
HISTORIA DA FILOSOFÍA	Galego			G
TOTAL DE HORAS DE MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE		8	4	
MATERIAS ESPECÍFICAS DE OPCIÓN E LIBRE CONFIG.		CAST	GAL	
TEC IND 2	Galego			
XEOLOX				
MET ESTAD	Castelán		1	
PSICOLOXÍA	Castelán			G
H. ARTE	Galego			
DEB. ARTIS.	Castelán			
REFORZO HISTORIA	Galego			
TECNOLOXÍAS INFORM. E COMUNIC.II	Galego			C
FRANCÉS				
PORTUGUÉS				

OBXECTIVOS

- Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no centro.
- Traballar cara á consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Promover a lectura, a fala, a comprensión e a escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como en toda a documentación empregada a nivel interno.
- Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento destas.
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, conferencias, proxeccións de cine, actuacións musicais, espectáculos teatrais, festividades, revistas, concursos literarios...
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros da escena pública que promovan a lingua e cultura galegas.
- Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar a visión dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Promocionar as festas tradicionais galegas.
- Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...

MEDIDAS PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL

Tomando como fundamento a reflexión sobre a situación lingüística do centro, consideramos necesario levar a cabo as seguintes actuacións:

- Potenciar o emprego da lingua galega nas relacións informais co alumnado, tales como: conversas nos recreos, nos corredores, fóra da actividade docente, ...
- Empregar a lingua galega nas comunicacións orais coas familias e con outras institucións.
- Continuar co emprego da lingua galega no rotulado do centro, nas comunicacións dos taboleiros, no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, ...
- Continuar coa dotación de fondos en galego para a biblioteca.
- Solicitar a colaboración do persoal non docente para que utilice a lingua galega nas súas relacións habituais co alumnado.
- Solicitar a colaboración da ANPA para que utilice a lingua galega nas súas relacións habituais co alumnado, nos seus escritos e comunicacións e nas actividades que organiza.
- Dar prioridade a actividades complementarias que se desenvolvan en lingua galega.

MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO

1. Habilidade básica: compromiso de escritura correcta.

Todos os departamentos incluírán entre os seus criterios de avaliación un apartado referido á corrección lingüística con inclusión explícita da posibilidade de detraer até un 15% na nota de calquera produción textual (exame, traballo...) sempre que se incorra en erros ortográficos, erros de corrección gramatical, mala presentación de escritos, etc.

2. Habilidade básica: compromiso na comprensión de textos.

Dependendo da materia e do nivel académico do alumnado, **os departamentos potenciarán actividades de traballo con textos orais e escritos** de diferente tipoloxía que sexan propios da área de coñecemento (por exemplo, narrativos en Historia, expositivos en Ciencias Naturais, argumentativos en Ética e cidadanía...). Para afondar nesta habilidade básica, os documentos obxecto de análise deben ser punto de partida para actividades de comprensión (escoita activa para textos orais e lectura comprensiva para os escritos).

3. Habilidade básica: compromiso na produción de textos.

Na área de linguas trabállase esta habilidade con relativa frecuencia o cal non impide que no resto de materias, de cando en vez, se poñan en práctica **actividades relacionadas coa produción de textos orais e escritos.**

4. Outros compromisos: potenciación do Proxecto Lector e do uso da Biblioteca escolar.

Para fomentar o hábito lector debemos buscar o equilibrio entre a *imposición* de lecturas e a *invitación* a ler. No Proxecto Lector de Centro insístese nesta idea. Parece obvio que unhas materias préstanse máis que outras á hora de programar lecturas. Tamén parece evidente que é preciso partir do criterio previo de non saturar o alumnado con lecturas que non vai poder levar a bo fin. Pero, a pesar do anterior, opinamos que se queremos que a linguaxe sexa un tema transversal no noso instituto, debemos potenciar dende as distintas áreas e materias os obxectivos e postulados do Proxecto Lector de Centro. Para isto, os **departamentos didácticos** deberán decidir o carácter das lecturas que proporán ao seu alumnado: obrigatorias, complementarias ou de ampliación.

No que respecta ao uso da biblioteca, os departamentos promoverán a utilización da biblioteca virtual ou da biblioteca escolar como fontes de material para a elaboración de traballos de investigación ou como fornecedoras de exemplares en préstamo das lecturas recomendadas.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.

1. Unha medida a considerar, que depende da administración educativa e que posibilitaría a atención deses alumnos dentro da aula, sería reducir a *ratio* actual, xa que é imposible a atención individualizada en grupos de 25 alumnos/as ou máis.
2. Formar grupos de reforzo, reducidos, con docente de apoio e material axeitado, distinto do da aula, para o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores e con prioridade para o alumnado de 1º ESO.
3. Facer un seguimento na avaliación continua do alumnado co fin de prever e evitar incorreccións nos usos lingüísticos.
4. Organizar clases de apoio para o alumnado exento de 2º idioma estranxeiro.
5. Contemplar horas de reforzo para o alumnado exento de Lingua Galega que despois se incorpora á lingua exenta.
6. Atender de maneira individualizada o alumnado con NEE: ACI, PMAR. Neste sentido é fundamental o traballo do Departamento de Orientación e a colaboración do profesorado de apoio dentro e fóra da aula.
7. Intensificar as prácticas orais de Inglés, Francés e Portugués.
8. Reforzar os contidos de Inglés, Francés e Portugués para o alumnado de Seccións Bilingües.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

Pretendemos mellorar o seu funcionamento coa súa visibilidade. Para iso, procuraremos unha maior participación de profesorado e alumnado, así como a implicación das familias nas actividades propostas, ás que tentaremos dar unha maior difusión e apoio.

RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

RECURSOS HUMANOS

- Todo o profesorado do centro.
- Persoal non docente.

COLABORACIÓN CON:

- ANPA
- Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do concello de Ourense
- Concellería de Cultura e Deportes do concello de Ourense.
- Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Outros centros educativos da zona sobre todo o CEIP O COUTO.

RECURSOS MATERIAIS

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, enciclopedias...
- Aula de audiovisuais con ordenadores, encerado, amplificador de audio e proxector de pantalla.
- Un ordenador, proxector e pantalla dixital en todas as aulas de ESO e Bacharelato.
- Aula de informática con 16 ordenadores con conexión a Internet, canón, encerado dixital...
- Fotocopiadoras.
- Taboleiros de anuncios.
- Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galegas.

ACTIVIDADES

EN RELACIÓN CO PERSOAL NON DOCENTE DO CENTRO

1. Solicitar do persoal de conserxaría, da cafetería e de administración e servizos que utilice a lingua galega para as relacións orais co alumnado, as familias do alumnado e o resto do profesorado, excepto nos casos en que poidan xurdir dificultades de calquera tipo na comunicación.
2. Utilizar a lingua galega en todo tipo de notas e comunicación co persoal do centro.

EN RELACIÓN CO PROFESORADO

1. No mes de setembro, determinar a situación lingüística de partida.

2. Colaborar co EDLG.
3. Fomentar o uso da lingua galega nas actividades extraescolares que se realizan ao longo do curso.
4. Coordinar ao profesorado de linguas para unificar criterios relativos ás programacións, evitando repeticións innecesarias, relacionando os contidos e procurando acordos nas terminoloxías.
5. Usar sempre a lingua prevista no Proxecto Lingüístico de Centro.
6. Prever estratexias para facilitar o coñecemento e emprego do léxico específico de cada materia e para dominar as formas textuais propias da disciplina.
7. Traballar técnicas de esquemas, resumo, mapas conceptuais, exposición orais, etc...
8. Implicar o profesorado das materias non especificamente lingüísticas na **valoración e avaliación da competencia lingüística do alumnado.**

EN RELACIÓN CO ALUMNADO

1. Fomentar o respecto polas diferentes opcións lingüísticas.
2. Dar facilidades para o que o alumnado galegofalante poida utilizar libremente a súa lingua en calquera contexto.
3. Concienciar das vantaxes do plurilingüismo na sociedade actual e da importancia da boa aprendizaxe das linguas que se imparten no centro: galego, portugués, castelán, inglés e francés.
4. Programar actividades e concursos que contribúan á mellora da competencia lingüística e a reforzar o uso da lingua (actividades que coinciden coas do EDLG)

5. Demostrar que a lingua galega abre horizontes e resulta útil para desenvolverse no mundo actual. Para iso daremos a coñecer personaxes actuais que triunfan en diversos eidos: música, deseño, escultura, ciencia, teatro, arquitectura, etc...

As actividades de dinamización da lingua minorizada (o galego, neste instituto) están recollidas no Proxecto do EDLG.

AVALIACIÓN

O Proxecto Lingüístico de Centro tamén precisa unha **avaliación**. O obxectivo desta avaliación non é outro que comprobar a súa efectividade en canto á consecución dos obxectivos previstos e o cumprimento das actuacións que teñen carácter vinculante na práctica escolar. Así mesmo, a avaliación debe servir para introducir melloras de cara ao Proxecto Lingüístico de Centro do curso seguinte.

A persoa responsable do EDLG coordinará a elaboración dunha Memoria final ao remate de cada curso escolar onde se recollan todos os indicadores, e poderá engadir outros se o considera necesario. A avaliación do Proxecto Lingüístico de Centro levarase a cabo de acordo cos seguintes **indicadores** xerais ou outros similares:

- Grao de efectividade no cumprimento dos obxectivos previstos na programación integrada de linguas.
- Grao de cumprimento das actividades de dinamización da lingua minorizada.

- Comparación ou análise da situación actual da lingua minorizada con respecto á súa situación de partida.
- Grao de implicación dos distintos axentes educativos cos compromisos adquiridos no Proxecto Lingüístico de Centro.